

## VENRES 9 FEBREIRO

**20.00 H.**  
Na Casa do Concello, **pregón do Entroido** por **Lourdes Abuide Valcarce**, xornalista de vocación e con devoción polo teatro.

**20.15 H.**  
No Campo Castelo, San Pedro, praza Mártires de Carral e recinto histórico, actuación das charangas **VKpinta** e **Garrafón.com**.

**20.15 H.**  
No fondo da praza Maior, Entroido Escénico coa **Escola Palimoco Teatro Danza, Grupo de Teatro Down Lugo** e **Palimoquiños** "Ti déixasteme querer?" (adicada a Manu).

## SÁBADO 10 FEBREIRO

**11.00 H.**  
Actuación do grupo de música tradicional **Raíces do Campo** polas rúas do recinto histórico.

**12.00 H.**  
Actuación da murga **Os Virtuosos do Tinto** polas rúas do recinto histórico.

**17.00 H.**  
**Gran Concurso de Disfraces (infantil).**  
Os participantes concentraranse na praza da Soidade (en caso de chuvia, soportais do Mercado Municipal) media hora antes do desfile, que presidirá a charanga **Malo Será**. Discorrerá polas rúas Antón Fraguas, Quiroga Ballesteros, Santo Domingo, Raíña e praza Maior. As inscricións deberán facerse no Departamento de Cultura deste Concello, antes das 14.30 horas do venres, día 9 de febreiro.

\* En cada unha das categorías haberá un premio especial para os disfraces

de elaboración propia e con materiais reciclados: papel, cartón, cartolina, cortizas, follas de árbores, plásticos, bricks... A obtención deste premio será compatible con algún dos outros tres.

O xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa tradición do Entroido na nosa cidade.

### INDIVIDUAL

**1º premio: vale por lote de libros de 50,00 €**  
**2º premio: vale por lote de libros de 40,00 €**  
**3º premio: vale por lote de libros de 30,00 €**  
**Premio especial ao disfrace reciclado: vale por lote de libros de 50,00 €**

### PARELLAS

**1º premio: vale por lote de libros de 75,00 €**  
**2º premio: vale por lote de libros de 60,00 €**  
**3º premio: vale por lote de libros de 50,00 €**  
**Premio especial ao disfrace reciclado: vale por lote de libros de 75,00 €**

### COMPARSAS

**1º premio: vale por lote de libros de 150,00 €**  
**2º premio: vale por lote de libros de 120,00 €**  
**3º premio: vale por lote de libros de 100,00 €**  
**Premio especial ao disfrace reciclado: vale por lote de libros de 150,00 €**

**19:30 H.**  
No patio do Vello Cárcere, actuación da **Banda Filharmónica Infantil**.

**20:00 H.**  
Por Augas Férreas, actuación da charanga **Ars Nova**.

Na praza do Campo, Entroido Escénico a cargo do grupo **Nova Escena "Granxa Menor"**.

**20:30 H.**  
Polas rúas do centro, actuación da charanga **Viño Branco**.

No Campo Castelo, San Pedro e praza Mártires de Carral, actuación da charanga **Os Caliqueños**.

**21:00 H.**  
Polo recinto histórico, comparsa do Entroido Escénico co grupo **Achádego** "Vai pola fresca".

**23:00 H.**  
Na praza do Campo e recinto histórico, actuación de **Troula animación** "O Mundo do Circo".

[www.lugo.gal](http://www.lugo.gal)



## DOMINGO 11 FEBREIRO

### 13.00 H.

Polo recinto histórico, actuación do grupo de música tradicional **Son de Lugh**.

### 13.00 H.

No barrio da Ponte, actuación da charanga **Os Amigos de Manolo**.

### 18.30 H.

Polo barrio de Montirón, actuación da charanga **Paradela**.

### 19.00 H.

Polo recinto histórico, actuación do grupo de música tradicional **Os Campeiros de San Xoán do Campo**.

## LUNS 12 FEBREIRO

### 13.00 H.

Polo recinto histórico, actuación da murga **Os Virtuosos do Tinto**.

### 19.30 H.

Na praza da Milagrosa, actuación da charanga **Terra Chá**.

### 20.00 H.

No fondo da praza do Campo, Entroido Escénico a cargo do grupo **Nostrum Cai "Swing vergoña"**.

### 20.30 H.

Polo centro da cidade, actuación da charanga **Os Jalácticos** e a batucada **Perkusiona**.

Pola ronda das Fontiñas, actuación da charanga **Arde-Yu-Kú**.

## MARTES 13 FEBREIRO

### 12.00 H.

Polo recinto histórico, actuación do grupo de percusión **Tambukada**.

### 17.00 H.

**Gran Concurso de Disfraces (adultos)**. Os participantes concentraranse na praza da Soidade (en caso de chuvia, soportais do Mercado Municipal) media hora antes do desfile, que presidirá a charanga **Noroeste**. Discorrerá polas rúas Antón Fraguas, Quiroga Ballesteros, Santo Domingo, Raiña e praza Maior. As inscricións deberán facerse no Departamento de Cultura deste Concello, antes das 14.30 horas do luns, día 12 de febreiro.

O xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa tradición do Entroido na nosa cidade.

## PREMIOS

### INDIVIDUAL

1º premio: 500,00 €  
2º premio: 300,00 €  
3º premio: 200,00 €  
3 premios de 50,00 €

### PARELLAS

1º premio: 600,00 €  
2º premio: 400,00 €  
3º premio: 300,00 €  
5 premios de 100,00 €

### COMPARSAS

1º premio: 1.100,00 €  
2º premio: 800,00 €  
3º premio: 600,00 €  
7 premios de 200,00 €

### 18:00 H.

Polo recinto histórico, actuación da charanga **A Excusa**.

### 19:00 H.

Polo centro da cidade, actuación das charangas **Noroeste** e **A Excusa**.

## MÉRCORES 14 FEBREIRO

### 19.00 H.

No quiosco da música da praza Maior, **Velorio da Sardiña**, a cargo da asociación cultural Pepe Barreiro.

### 19.30 H.

Procesión da **Santa Compañía**, fará un percorrido pola praza Maior e achegarase ao Velorio.

### 20.00 H.

**Enterro da Sardiña**. Organizado pola asociación cultural Pepe Barreiro. Saída do cadaleito do quiosco da música para se incorporar á **Procesión** no Círculo das Artes e percorrer diferentes rúas de Lugo ata rematar na praza Maior, onde se lerán os **ferretes** pola alma da defunta.

**Concellería de  
Cultura, Turismo,  
Xuventude e Promoción  
da Lingua.**

**+ info:**

**[www.lugo.gal](http://www.lugo.gal)**

**ou no teléfono do**

**Concello 010.**

**982 297350 (dende fóra de  
Lugo)**

